

PARLAMENTO DE GALICIA

Resolución do 1 de decembro de 2005 pola que se fai público o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia relativo á elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de Radio Televisión de Galicia.

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 30 de novembro de 2005, e de conformidade co preceptuado no punto 1º do artigo 4 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, acordou elixir como membro do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia a:

- Araújo Rodríguez, Juan Carlos.
- Iravedra Lestal, José Luis.
- Jiménez Morán, Juan Manuel.
- Obelleiro Piñón, Luis.
- Paredes Hontiyuelo, Esther.
- Peón Piñeiro, Ana Isabel.
- Pérez Orge, Cecilia.
- Pérez Varela, Jesús.
- Regueiro Fernández, María Esther.
- Rey Martínez, Moisés.
- Rodríguez Rodríguez, Antonio.
- Santiso Miramontes, José Antonio.

O que se publica para xeral coñecemento, ao abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2005.

Dolores Villarino Santiago
Presidenta do Parlamento de Galicia

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Instrución do 28 de novembro de 2005, da Dirección Xeral de Xustiza, sobre o sistema de control do cumprimento da xornada e horarios establecidos para o persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Entre as materias relativas á relación profesional do persoal comprendido no libro VI da Lei orgá-

nica 6/1985, do poder xudicial, sobre as que o artigo 471 da mesma lei -na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro- reconece competencia de desenvolvemento regulamentario a favor das comunidades autónomas que recibiron as transferencias sobre o persoal ao servizo da Administración de xustiza, atópase a xornada laboral e o horario de traballo.

O artigo 500 da mesma lei regula a xornada e horarios de traballo do devandito persoal, delimitando as competencias do Ministerio de Xustiza, do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas. Este artigo, polo que se refire á duración da xornada xeral de traballo en cómputo anual e daquelas xornadas de dedicación especial, foi desenvolvido pola Resolución do 15 de xullo de 2005 da Secretaría de Estado de Xustiza (BOE do 10 de agosto).

No novo marco legal, a regulación do sistema de control horario, que ata o de agora estaba contida na Instrución do 12 de xuño de 1997, da Secretaría de Estado de Xustiza, sobre o sistema de control de cumprimento da xornada e horarios establecidos no ámbito da Administración de xustiza (BOE do 4 de xullo), correspóndelles ás comunidades autónomas con competencias en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, como é o caso da Xunta de Galicia, que as recibiu en virtude do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro.

Segundo o exposto, e logo de audiencia das organizacións sindicais máis representativas, e no exercicio das competencias atribuídas a este centro directivo, apróbanse as seguintes instrucións:

Primeira.-Ámbito de aplicación.

Esta instrución será aplicable ao persoal funcionario destinado en órganos da Administración de xustiza en Galicia.

Segunda.-Sistema de control horario nas sedes xudiciais dotadas con sistemas de control de presenza.

1. Naquelas sedes nas que foron instalados sistemas automatizados de control de presenza, todo o persoal disporá dunha tarxeta magnética identificativa de carácter persoal e intransferible. Esta tarxeta utilizarase como ficha, persoalmente e só polo seu titular, nos puntos onde están instalados os lectores de proximidade do sistema de control de presenza.

2. O persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza deberá deixar constancia da entrada e saída do edificio onde se atope a sede do seu destino, mediante a fichaxe coa súa tarxeta no correspondente lector de proximidade do sistema de control horario.

No caso de que, por calquera motivo, non funcionasen os sistemas informáticos de control de presenza, deberase realizar, durante os días que tal circunstancia se produza, o control horario mediante os partes de sinaturas deixando constancia de cada entrada ou saída da sede xudicial.

3. Para o suposto de perda ou inutilización da tarxeta ou de avaría dos sistemas automatizados de control horario, o interesado cubrirá o modelo I-2 de parte de incidencia (anexo II) e realizárase o control mediante os partes de sinaturas previstos no seguinte punto.

Terceira.-Sistema provisional de control horario nas restantes sedes.

Nas sedes onde non estean instalados os sistemas informáticos de control de presenza, as entradas e saídas na unidade reflectiranse nos partes de sinaturas que figuran no anexo III desta instrución.

Os funcionarios que asistan á unidade a partir das 9.00 horas asinarán no parte individual de incidencia (modelo I-1), respecto dos que será aplicable o previsto no punto seguinte.

Cuarta.-Incidencias.

As faltas de asistencia total ou parcial ao posto de traballo non amparadas pola concesión de permisos, vacacións ou licenzas, deberán reflectirse a través dos partes individuais de incidencia (modelo I-1), que o interesado cubrirá achegando, se é o caso, a documentación xustificativa.

Quinta.-Visado e remisión dos documentos de control horario.

1. Para efectos de supervisión, os superiores xerárquicos respectivos (segundo o caso, fiscal xefe ou fiscal coordinador ou delegado respecto dos funcionarios destinados en fiscalías ou adscricións de fiscalías, director ou subdirector respecto dos funcionarios destinados no Instituto de Medicina Legal e secretarios xudiciais respecto dos funcionarios destinados nas oficinas xudiciais) examinarán os documentos de control horario mencionados nos puntos anteriores (parte de sinaturas e partes de incidencias), nos que poderán facer constar as observacións que consideren pertinentes respecto da presenza no posto de traballo.

2. Unha vez visados polos superiores xerárquicos, os documentos de control horario remitiranse á delegación provincial correspondente da Consellería de

Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Esta remisión efectuarase cada día laborable a partir das 9.00 horas.

Sexta.-Xustificación de actuacións fóra da sede xudicial.

As actuacións fóra da sede xudicial para realizar actos de comunicación ou outros actos procesuais que pola súa natureza exixen unha actuación habitual fóra das sedes xudiciais xustificáranse para o control de cumprimento do horario, segundo o modelo I-4 desta instrución, que será remitido mensualmente á delegación provincial correspondente, logo de ser visado polo superior xerárquico.

Sétima.-Réxime de vixilancia e inspeccións sobre o control horario.

Sen prexuízo da colaboración dos superiores xerárquicos na comunicación de incidencias e incumprimentos da xornada e horarios, os órganos da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con competencias en materia de persoal ao servizo da Administración de xustiza poderán verificar que se cumpra o horario establecido.

O persoal destinado nos puntos de entrada exercerá, de acordo coas instrucións recibidas, a vixilancia dos sistemas automatizados de control horario para evitar que sufran danos materiais.

Oitava.-Aplicación desta instrución.

O disposto nesta instrución aplicarase a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Novena.-Anexos.

Como anexo desta instrución xúntanse os modelos que a continuación se relacionan:

Anexo I. Parte individual de incidencia (modelo I-1).

Anexo II. Parte de incidencia coa tarxeta ou co sistema automatizado de control horario (modelo I-2).



Anexo III. Parte de sinaturas para os órganos xudiciais nos que aínda non se instalou o sistema automatizado de control horario (modelo I-3).

Anexo IV. Relación mensual de saídas para actos de comunicación (modelo I-4).

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2005.

Santiago Antonio Roura Gómez
Director xeral de Xustiza

ANEXO I

	
<i>Administración de Xustiza en Galicia</i>	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA <i>Dirección Xeral de Xustiza</i>

MOD. I-1

PARTE INDIVIDUAL DE INCIDENCIA

Datos do funcionario ou contratado laboral

Apellido 1º: DNI :
 Apellido 2º: Nome:
 Órgano:

Datos da incidencia

Ausencia total: Día (s)
 Mes de
 Motivo: _____

Ausencia parcial: Día de de
 De horas a horas.

Motivo:

de de de
 O interesado

VISADO
O SUPERIOR XERÁRQUICO
(1):



Asdo.:

IMPORTANTE

Este parte presentarse ao superior xerárquico e logo remitirse ao día seguinte á delegación provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

(1) Fiscal xefe, fiscal delegado ou fiscal coordinador, director ou subdirector do Instituto de Medicina Legal, secretario xudicial.

ANEXO II

	
<i>Administración de Xustiza en Galicia</i>	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA <i>Dirección Xeral de Xustiza</i>

MOD. I-2

PARTE DE INCIDENCIA COA TARXETA OU SISTEMA DE CONTROL HORARIO

Datos do funcionario ou contratado laboral

Apellido 1º: DNI :
 Apellido 2º: Nome:
 Órgano:

Datos da incidencia

Día	Mes	Ano
Motivo:		
Extravío da tarxeta: (Risque X se procede)		
Esquecemento da tarxeta: (Risque X se procede)		
Deterioración da tarxeta: (Risque X se procede)		
Avaria do sistema de control horario: As horas		

de de de

VISADO
O SUPERIOR XERÁRQUICO
(1)

Asdo.:

O interesado



IMPORTANTE

O interesado deberá asinar, segundo o caso, a entrada ou a saída, ou ambas, no parte de sinaturas (modelo CH-2), que se presentará, xunto con este parte, ao superior xerárquico e logo remitirse a delegación provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

(1) Fiscal xefe, fiscal delegado ou fiscal coordinador, director ou subdirector do Instituto de Medicina Legal, secretario xudicial.

ANEXO III

MOD. I-3 - PARTE DE SINATURAS



	Administración de Xustiza en Galicia		XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA Dirección Xeral de Xustiza								
CONTROL HORARIO											
ÓRGANO:											
APELIDOS E NOME	SAÍDA		HORA	CLAVE	HORARIO DE TARDE			ENTRADA		HORA	CLAVE
	DATA	2005			SINATURA	SINATURA	HORA ENTRADA	HORA SAÍDA	DATA		

Ausencias xustificadas

Motivo	Clave
Ausencia non xustificada (sinatura do secretario xudicial ou xefe de persoal)	01
Permiso por asuntos particulares	02
Baixa por enfermidade (ata 5 días)	03
Saída para realizar actos de comunicación ou execución (debe cubrirse impreso específico e asinarse á saída, indicando a hora)	04
Autorización expresa para ausentarse do posto habitual de traballo por razóns do servizo, indicando nome, apelidos e cargo da persoa que o concede	05
Licenza por matrimonio	06
Licenza por embarazo	07
Licenza por asuntos propios	08
Licenza por enfermidade	09

Motivo	Clave
Licenza para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública	10
Vacacións	11
Permiso polo nacemento dun fillo ou pola morte ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade	12
Permiso por traslado de domicilio sen cambio de residencia	13
Permiso para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal	14
Permiso para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude e avaliación en centros oficiais	15
Permiso por fillo menor de 9 meses	16
Permiso por razóns de garda legal	17
Permiso polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal	18
Exercicio do dereito de folga	19

ANEXO IV

	Administración de Xustiza en Galicia	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA Dirección Xeral de Xustiza
MOD. 1-4		

RELACIÓN MENSUAL DE XUSTIFICACIÓN DE ACTOS DE COMUNICACIÓN

Datos do funcionario	
Apelido 1º:	DNI:
Apelido 2º:	Nome:
Órgano:	

Datos da incidencia pola realización de actos de comunicación		Mes de
Día 1	Horas: de	a
Día 2	Horas: de	a
Día 3	Horas: de	a
Día 4	Horas: de	a
Día 5	Horas: de	a
Día 6	Horas: de	a
Día 7	Horas: de	a
Día 8	Horas: de	a
Día 9	Horas: de	a
Día 10	Horas: de	a
Día 11	Horas: de	a
Día 12	Horas: de	a
Día 13	Horas: de	a
Día 14	Horas: de	a
Día 15	Horas: de	a
Día 16	Horas: de	a
Día 17	Horas: de	a
Día 18	Horas: de	a
Día 19	Horas: de	a
Día 20	Horas: de	a
Día 21	Horas: de	a
Día 22	Horas: de	a
Día 23	Horas: de	a
Día 24	Horas: de	a
Día 25	Horas: de	a
Día 26	Horas: de	a
Día 27	Horas: de	a
Día 28	Horas: de	a
Día 29	Horas: de	a
Día 30	Horas: de	a
Día 31	Horas: de	a

O interesado: . . . de de

VISADO O XEFE DA OFICINA
Asdo.:

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 559/2005, do 17 de novembro, polo que se afecta ao dominio público a parcela sobrante de concentración parcelaria número 388, do polígono 2, da zona de concentración parcelaria de Vilaodríz, A Pontenova (Lugo), para servizos de ambiente.

A Consellería de Medio Ambiente solicitou a incoación do expediente de afectación da parcela nº 388, polígono número 2, da zona de concentración parcelaria de Vilaodríz (A Pontenova), para a instalación dunha estación meteorolóxica co fin de mellorar os servizos de observación e predición do tempo.

A titularidade do predio, segundo a acta de reorganización da propiedade da zona de concentración parcelaria afectada, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto no artigo 31 da Lei de concentración parcelaria de Galicia.

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (actualmente Consellería do Medio Rural), en aplicación da Lei 30/1985, de concentración parcelaria de Galicia, emitiu informe favorable da solicitude de afectación, ao non atopar inconveniente para a instalación da estación meteorolóxica mencionada, na terra sobrante de concentración.

Á vista do disposto no artigo 9 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 10 e seguintes do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu

regulamento, a afectación expresa de bens patrimoniais require resolución do Consello da Xunta de Galicia, que adoptará a forma de decreto, logo da instrución do oportuno expediente pola Secretaría Xeral e do Patrimonio.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do dezasete de novembro de dous mil cinco,

DISPOÑÓ:

Artigo 1º

Aféctase ao dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia o seguinte ben inmovible:

-Predio sobrante nº 388, polígono 2, da zona de concentración parcelaria de Vilaodríz, A Pontenova (Lugo), que conta cunha superficie de 6.003 m², e linda: norte, camiño; sur, camiño e predio nº 2-387; leste, predio nº 2-389 de Antonio Calvo Corbeiras; e oeste, límite de zona e predio nº 2-387 do Concello da Pontenova.

Artigo 2º

O inmovible será destinado á instalación dunha estación meteorolóxica co fin de mellorar os servizos de observación e predición do tempo, quedando adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Santiago de Compostela, dezasete de novembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda